

## Perda do S- na fala popular

Nun comentario que faciamos no noso libriño *Recantos da lingua* tratábase de explica-la transformación da sibilante palatal sorda de *xenxiva* en *senxiva* e posteriormente en *enxiva* da seguinte maneira: “Para explicármola forma patrimonial galega temos que pensar que as palabras non aparecen soas cando falamos, senón que se encadean unhas coas outras. Podemos supoñer que, hai moitos séculos, a nosa palabra, que se pronunciaba case sempre en plural, era *as xenxivas*, ... e despois de pronunciar *as senxivas*, é fácil entender que os falantes sentisen eses dous “eses” como un só, correspondente ó artigo. A partir desta pronuncia da palabra en plural formouse un singular analóxico *enxiva*, que ten que ser explicado dende a forma de plural”<sup>1</sup>.

Ese mesmo proceso da perda do s inicial en dita palabra dáse noutras que están nos mesmas circunstancias, é dicir, que son empregados normalmente en plural e que, por tanto, poden ser segmentadas polo falante rompendo a unión do S final do artigo e do S inicial do sustantivo ou do adxectivo ós que acompaña. Claro que hai casos de perda do S nos que non se dá esta circunstancia e que necesitarían doutra explicación.

Nesta breve nota pretendo chama-la atención sobre este fenómeno e dar unha serie de palabras recollidas da fala popular que poden aparecer nalgúns lugares de Galicia coa perda do S inicial.

### SABAÑÓN – ABAÑÓN

A palabra *sabañón*, de orixe incerta e moi discutida, non aparece nos dicionarios galegos non sei se porque estes tiveron o malo costume de non recolle-las voces semellantes ás castelás ou porque é un castelanismo de introducción recente. No *Glosario de voces galegas de hoxe*<sup>2</sup> temolo recollido en varios puntos de Galicia en lugar da palabra máis tradicional *frieira*. Pero no Grobe e en Sobrado temos constancia da existencia de *abañón*. Nesta caso parécenos moi claro que o uso continuo

<sup>1</sup> C. García, *Recantos da lingua*, 1982, La Coruña 1983, pp. 118-119.

<sup>2</sup> Volume da nosa autoría que está en prensa.

desta voz en plural explica a falsa segmentación de *os-sabañóns* en *os-abañóns* e nacemento dun singular *abañón*.

#### SALTASEBES – ALTASEBES

A *saltasebes* é unha planta, brionia, que crece normalmente, como o seu nome indica, entre as sebes ou valados. Segundo os dicionarios galegos aplícase a diversas variedades que teñen outros nomes: herba salgueira, mexacán, uvas de can, herba dos torneiros, rubia, etc. Nós temos constancia da súa existencia actualmente nas provincias da Coruña e Lugo. Os dicionarios de Carré Alvarellos e Eladio Rodríguez sinalan a existencia do sinónimo *altasebes* que nós temos testemuñado en varios puntos das citadas provincias.

Neste caso podemos pensar que este nome composto que ten o segundo elemento da composición rematado en S é visto, se vai acompañado do artigo, como *asaltasebes* exactamente como se estivese en plural: *as-saltasebes*. De aí vén facilmente a consideración do S inicial como se fose o S do artigo plural. Pero neste caso é significativo o feito de que se *saltasebes* é unha planta que efectivamente salta por riba das sebes tamén influirá o feito de considerala alta como as sebes. O cruce de *salta* con *alta* resulta fácil de intercambiar na imaxinación popular desta planta tan alta como as sebes.

#### SALVADO – ALVADO

As voces galegas farelo, relón ou moíña teñen un competidor, ó menos en varios lugares da provincia da Coruña, no castelanismo *salvado*. En varios puntos desta provincia aparecê tamén *alvado*. Nesta parella de voces non vexo clara a explicación porque normalmente non é voz usada moito en plural. A única explicación que albisco é a que funcione un cruce con albo e albar ou albeiro que teñen o significado de branco aplicado case exclusivamente á fariña de trigo ou ó muíño que só moe trigo.

#### SÁMAGO – ÁMAGO

A verba *sámago* como albura ou parte máis branda da madeira é voz moi corrente en toda Galicia e ten a variante *samo* tamén moi espallada polas provincias da Coruña e Lugo. En moitos lugares *sámago* e *samo* significan a parte interna do corno da vaca. Pero na provincia de Ourense temos rexistrado como forma máis común *ámago*. Desde un punto de

vista puramente sincrónico teríamos que considerar que do plural *os-sá-magos* xurdiu un singular *o ámago*. Tamén en portugués existen as dúas formas. Pero existe un problema etimolóxico con esta verba: ¿Que foi primeiro o *ámago* ou o *sámago*? Depende do punto de vista da orixe deste dobrete para determinar se os ámagos deron orixe ós sámagos ou viceversa<sup>3</sup>.

#### SAMESUGA – AMESUGA

As *samesugas* ou vermes anélidos que zugan o sangue doutros animais son coñecidos con moitas variantes: *samasugas*, *semesugas*, *sambexugas*, *sambisugas*, *zamezugas*, *zamazugas*, *zambezugas*, *zumezugas*, etc. Nalgúns lugares sufriron o mesmo proceso das palabras xa citadas anteriormente e son coñecidas co nome de *amesugas* ou *amexugas*, debido ó uso constante destas voces en plural.

#### SANDIJUELA – ANDIJUELA

Os médicos deberon introducir no pobo galego o castelanismo *sanguijuelas* (variantes *sanguexuelas* e *sanguixuelas*) que deron orixe a formas como *anguijuelas* e *anguixuelas* sen o S inicial polo uso constante destas verbas en plural. A imaxinación popular viu nestes anélidos un medio para *sandar* das enfermidades e transformounos en *sandijuelas* ou *sandixuelas*. Polas mesmas que vimos nas outras palabras xa citadas perderon o S inicial e pasaron a ser *andijuelas* e *andixuelas*.

#### SANDALIAS – ANDALIAS

Sen lugar a dúbidas, polo material recollido no noso *Glosario* e polo que coñecemos do Tesouro léxico que está a forma-lo Instituto da Lingua Galega, a palabra *andalias* está moito máis estendida entre os falantes galegos que a voz orixinaria *sandalias*. Creo que neste caso a falsa segmentación de *as-sandalias* en *as-andalias* e *a andalia* está moi favorecida polo cruce desta última forma co verbo *andar*. Na mente popular as *andalias* teñen moito que ver co seu uso: son para andar.

<sup>3</sup> Véxase J. Corominas-J.A. Pascual, *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, vol. III, Gredos, Madrid 1980, s.v. *hámago* que fai unha crítica ampla de tódalas teorías.

## SANGUMIÑOS – ANGUMIÑOS

Derivados de sangue hai moitas palabras en galego. Temos varios nomes de árbores: sanguíños, sangriños, sangubiños, sangumios, etc. Tamén de sangue é derivado a voz *sangumiños* que nós non logramos recoller nas encuestas pero que aparece nos dicionarios galegos no sentido de ‘entrañas’ ou ‘parte máis íntima ou oculta’. Pero ó lado desta voz os dicionarios recollen ademais *angumiños*, coa mesma significación. O Dicionario de Valladares (1884) rexistra a expresión *come-los angumiños* que copia o de Eladio Rodríguez (1958) que engade tamén *beber ou come-los sangumiños*. Estamos aquí ante outra parella de palabras usadas con artigo en plural continuamente que fan que se segmente ás veces ben regularmente como *sangumiños* e outras como *angumiños*.

## SARILLOS – ARILLOS

No galego e portugués son voces comúns os *sarillos* coñecidos tamén como debandoiras. De alguén que é moi inqueda pode dicirse que é un *sarillo*. Eu non posúo datos directos de ningún *sarillo* ‘debandoira’ convertido en *arillo*. Pero que *os sarillos* pasaron nalgún lugar a *os arillos* tivo que ser evidente, porque no Caurel (Lugo) testemuña o dicionario de Eladio Rodríguez *arillos* como ‘contos, enredos, intrigas’ que ten ademais derivados como *arillar* ‘intrigar’, *arilleiro* e *arilloso*. Por tanto podemos engadir á nosa lista esta parella de *sarillos* – *arillos*.

## SEN – ENE

As vidallas, fontes ou tempas da cabeza chámanse tamén *sens* ou *senes*, palabra moi estendida por toda Galicia. Pero na parte nororiental da provincia de Lugo temos rexistrada a forma *ene*, recollida tamén por A. Otero<sup>4</sup>. Estamos pois ante un novo caso *as-senes* > *as-enes* e singular *ene*.

## SESE – ESE

O verme que se criou no touciño ou na carne que se está a corromper é coñecido como *sen* (masculino) nalgúns lugares do occidente da pro-

<sup>4</sup> A. Otero, *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, Anejo 8 de *Verba*, 1977, p. 91.

vincia da Coruña e como *sese* en toda a provincia da Coruña e norte da de Lugo. O dicionario de Eladio Rodríguez rexistra esta forma en Santa Cecilia, así como a forma *ese* en Moimenta. *Ese* aparece tamén recollida no xa citado *Glosario* en Guitiriz e podemos engadir que tamén a atopamos en Melide. Dado que o uso continuo na fala desta palabra en plural é evidente, estamos tamén ante outro caso de creación dunha nova forma pola perda do S inicial.

#### SINXELO – INXELO/INXEL

Xa Corominas<sup>5</sup> rexistrou este caso de perda do S inicial, se ben el parte dunha forma *senxelo*, que non é corrente na fala viva anque a empregue Castelaq. *Sinxelo*, *ás sinxelas*, *a sinxelo*, *inxel*, *inxelo* son as formas que temos recollido no citado *Glosario* como existentes na fala viva.

#### SOFRAXE – OFRAXE

Tamén Corominas<sup>6</sup> e García de Diego<sup>7</sup> citan este caso de deglutinación do descendente galego da verba latina *suffrago*. Engadiremos que ó lado de *sofraxe* existen as variantes *sufraxe* e *xufraxe*.

#### ZAMBURIÑA – AMBURIÑA

O molusco lamelibranquio, *Chlamys varius*, coñecido como *zamburiña* nos portos pesqueiros do norte da provincia da Coruña e como *samburiña* nos do sur de dita provincia e nos de Pontevedra. Eu non teño constancia directa da existencia da perda do S inicial da voz *samburiña* pero os dicionarios de Eladio Rodríguez e da Real Academia Galega testemuñan a palabra *amburiña*. Por iso engadimos aquí este exemplo de perda do S inicial procedente da falsa segmentación do plural *as-samburiñas* en *as-amburiñas*.

#### ZANCO – ANCO

A palabra galega, semellante á castelá, **zanco** é pronunciada con se-

<sup>5</sup> *Op. cit.*, vol. V, 1983, s.v. *sencillo*.

<sup>6</sup> *Ibidem*, s.v. *sufragar*.

<sup>7</sup> V. García de Diego, *Diccionario etimológico español e hispánico*, Madrid 1954, p. 1001.

seo nunha ampla zona do occidente de Galicia. Seguindo o mesmo procedemento dos casos anteriores produciuse nesta verba usada frecuentemente en plural a deglutinación en *anco* nalgúns lugares onde se di *sanco*.

\* \* \*

Non podemos menos de rematar sen facer referencia ó caso contrario: a aglutinación do -S final do artigo coa vocal da palabra seguinte facendo que algunhas verbas teñan unha forma paralela con S- inicial antietimolóxica. Así temos que das *almillas* 'chaleque con mangas ou especie de camisola' xurdiu *salmillas* que temos rexistrado no noso *Glosario*. Do mesmo xeito da forma *enauga* naceu *senaugas* que temos varias veces rexistrada e que é fenómeno que se dá noutras partes da Península<sup>8</sup>. O *érbado*, coñecido tamén como albedro, ten tamén, segundo reflexa o Dicionario de Eladio Rodríguez, unha variante *sérvado*.

CONSTANTINO GARCIA

Universidade de Santiago

<sup>8</sup> Corominas-Pascual, *op. cit.*, vol. II, 1980, s.v. *enagua*.